



CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900
Marín (Pontevedra)
CIF: P3602600C
Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

Expte.: 2019-RH320-004
Proceso selectivo Técnico de Xestión de
Administración Xeral (A2), Servizo de
Tesourería - OEP 2016

ANUNCIO DO TRIBUNAL

De conformidade coa Resolución de Alcaldía do 2/09/2020 (BOP de Pontevedra núm. 176, do 11/09/2020) o **primeiro exame** do proceso selectivo para unha praza de funcionario de carreira de Técnico de Xestión de Administración Xeral (A2), OEP 2016, terá lugar o **sábado, 3 de outubro de 2020** no **IES ILLA DE TAMBO**, sito na rúa Estrada, s/n, Marín, CP. 36900, ás **10.00 h.**

O Tribunal cualificador do proceso selectivo de referencia, na sesión celebrada o 4 de setembro, acordou establecer as seguintes condicións específicas relativas ao chamamento das persoas candidatas que concorran ao citado procedemento selectivo:

A.- ACCESO Ó SALÓN DE ACTOS DO IES ILLA DE TAMBO.

O acceso ó salón de actos (primeira planta) do IES Illa de Tambo, realizarase a través da entrada principal do IES Illa de Tambo (planta baixa):



Enlace a GoogleMaps:

<https://goo.gl/maps/SDd8hKpivo35pqBn8>

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005D4B400J6Z011D8F0Z8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2019RH320-000004
	JOSÉ ANTONIO GRAÑA SANTACLARA-Tesoureiro - 30/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2020 22:19:04	Fecha: 08/08/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL



CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900
Marín (Pontevedra)
CIF: P3602600C
Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

Expte.: 2019-RH320-004
Proceso selectivo Técnico de Xestión de
Administración Xeral (A2), Servizo de
Tesourería - OEP 2016

Os membros do Tribunal a quen corresponda realizar o chamamento, comunicarán no **control de acceso da entrada ao Instituto**, o percorrido e organizarán o acceso dos candidatos e candidatas, de tal forma que permanecerán **na entrada do Instituto, na planta baixa, en espera do seu chamamento**.

No hall do instituto (control de acceso), o Tribunal **comprobará a identidade dos/as candidatos/as** que concorran ao procedemento selectivo mediante a **exhibición ao Tribunal de DNI orixinal** ou outro documento fidedigno, orixinal e con fotografía, **dende a distancia social de seguridade sanitaria**, podendo os membros do Tribunal encargados do chamamento solicitar a **retirada momentánea da máscara para a súa identificación en casos de dúbida**.

Comprobada a súa identidade, os/as candidatos/as accederán ó salón de actos (primeira planta) seguindo as indicacións do persoal.

B. MEDIOS MATERIAIS PARA A REALIZACIÓN DO PRIMEIRO EXERCICIO

Para a celebración do primeiro exercicio os candidatos deberán dispor de **lapis do número 2, goma e bolígrafo de cor azul ou negro (non pluma estilográfica)**.

C. MEDIDAS MOTIVADAS POLA CRISE SANITARIA CAUSADA POLO COVID-19

Cada aspirante se debe **presentar no acceso, á hora indicada na convocatoria** efectuada por decreto de alcaldía núm. 2020/01625, de 02/09/2020, e non antes, co fin de evitar aglomeracións.

Recoméndase que as persoas aspirantes non acudan acompañadas, salvo aquelas que necesiten expresamente asistencia. En todo caso, as persoas acompañantes non poderán entrar no recinto onde se celebren as probas.

Recórdase o deber xeral de **uso de mascarilla, hixiene de mans e distanciamento social**, así como o deber de **aillamento domiciliario** das persoas con un diagnóstico por COVID-19 ou que se atopen en período de corentena domiciliaria por ser contacto estreito con algunha persoa con COVID-19.

O uso de mascarilla será obrigatorio durante a proba.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005D4B400J6Z011D8F0Z8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA JOSÉ ANTONIO GRAÑA SANTACLARA-Tesoureiro - 30/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2020 22:19:04	EXPEDIENTE : 2019RH320-000004 Fecha: 08/08/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL
--	---	---





CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900
Marín (Pontevedra)
CIF: P3602600C
Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

Expte.: 2019-RH320-004
Proceso selectivo Técnico de Xestión de
Administración Xeral (A2), Servizo de
Tesourería - OEP 2016

As medidas anteriores, xunto coas que resulten das normas emitidas pola autoridade sanitaria, vixentes no momento de celebración da proba, deben ser cumpridas polos/as candidatos/as que concorran en todo momento.

O incumprimento das devanditas normas e instrucións poderán determinar a prohibición do acceso á celebración da/s proba/s do procedemento selectivo.

D. INSTRUCIÓNS PARA A ELABORACIÓN DA PRIMEIRA PROBA

1. Queda PROHIBIDO, falar, copiar, empregar teléfonos móbiles ou dispositivos análogos, os cales deberán ser apagados neste momento.
2. O exame consistirá na formulación dun cuestionario de preguntas tipo test de 100 preguntas, de carácter teórico-práctico, con resposta única. Cada pregunta terá 4 respostas posibles a), b), c) e d) sendo correcta soamente unha delas.
3. No cuestionario constan 5 preguntas de reserva (as preguntas de reserva utilizaranse soamente cando por erro detectado o tribunal acorde anular algunha das 100 preguntas do cuestionario que conforma a primeira proba).
4. A proba cualificarase, mediante máquina de corrección, de 0 a 10 puntos, sendo preciso acadar 5 puntos como mínimo, para non quedar eliminado/a. Por cada tres (3) respostas incorrectas se descontará unha (1) correcta. Corresponderalle ao tribunal determinar o número de respostas correctas esixido para acadar a puntuación de 5, de conformidade co establecido nas bases rectoras do proceso selectivo. As respostas en branco non restarán puntuación.
5. O tempo para a elaboración da primeira proba é de 120 minutos (2h). Se precisa saír ao baño poderán facelo unicamente acompañados por un membro do Tribunal/persoal colaborador.
6. O exame deberá realizarse polo candidato na correspondente FOLLA DE EXAME que lles será entregada xunto con cuestionario, a cal inclúe unha FOLLA DE DATOS que deberá cubrir cada aspirante de conformidade coas instrucións que figuran NO REVERSO das mesma.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005D4B400J6Z011D8F0Z8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2019RH320-000004
	JOSÉ ANTONIO GRAÑA SANTACLARA-Tesoureiro - 30/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2020 22:19:04	Fecha: 08/08/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL





CONCELLO DE MARÍN

Avda. de Ourense 3, 36900
Marín (Pontevedra)
CIF: P3602600C
Tfno: 986 88 03 00
www.concellodemarin.es

Expte.: 2019-RH320-004
Proceso selectivo Técnico de Xestión de
Administración Xeral (A2), Servizo de
Tesourería - OEP 2016

O erro ou ausencia dalgún dos datos identificativos do/a aspirante será causa de ANULACIÓN DO EXAME.

- Os candidatos deberán sinalar a resposta correcta marcando a opción elixida na forma descrita NO REVERSO da propia FOLLA DE EXAME. Poderá anular ou modificar a resposta inicialmente escollida borrando cunha goma se realiza o exame en lápis.

Non poden realizarse anotacións ou calquera outra marca na folia de exame ao marxe. Calquera outra forma de sinalar a resposta escollida determinará a nulidade da resposta e, polo tanto, non será obxecto de valoración.

- O cuestionario de preguntas unicamente poderá ser levado polos candidatos ao remate da proba.

O que se fai publico mediante anuncio no taboleiro electrónico de anuncios do concello (<https://www.sede.concellodemarin.es>) sen prexuízo de que, de forma complementaria, se publique na páxina web do concello, para coñecemento das persoas candidatas no procedemento selectivo de referencia, en aplicación da base 5ª das bases reguladoras do procedemento selectivo e no exercicio das atribucións que corresponden por mor do punto resolutivo 5º do decreto de alcaldía núm. 2020/01625 de data 02/09/2020.

Documento asinado electronicamente ó pé

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E40005D4B400J6Z011D8F0Z8 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	EXPEDIENTE : 2019RH320-000004
	JOSÉ ANTONIO GRAÑA SANTACLARA-Tesoureiro - 30/09/2020 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 30/09/2020 22:19:04	Fecha: 08/08/2019 Hora: 00:00 Und. reg: REGISTRO GENERAL